



Arrastráchelo o cu polas pallas
e fixéchela cama no chau
e laváchela túa roupiña
/:que a tiñas sequiña do vrau (x3):/
arrastráchelo o cu polas pallas
e fixéchela cama no chau.

/:Casa con ela bribón:/
que lle dechela palabra,
agora dislle que non.

Arrastráchelo o cu polas pallas
e fixéchela cama no chau
e laváchela túa roupiña
/:que a tiñas sequiña do vrau (x3):/
arrastráchelo o cu polas pallas
e fixéchela cama no chau.

Todo el mundo me cretica
por una parte y por otra,
mientras no caigo en el charco
no se me moja la ropa.

Hasme dalo que che eu pida
non che hei de pedila vida
da cintura para abaixo
da rodilla para riba.

Todos somos de Pontevedra,
todos somos de por alá,
todos somos afiladores,
todos sabemos afilar.

Que a túa porta me tés-e
como ón feixe de leña,
esperando unha resposta
que da túa mau me veña.

Unha vella dixo a i-outra
polo burato da porta
/:Ti governa a túa vida
que a miña nada ch'importa:/'



Teño unha herba na i-horta
que me prende ó cinguideiro
 teñ´unha mala veciña
 que me vende sin diñeiro.

/:Teñ´unha herba na i-horta
que me seca e non prende:/,
 /:teñ´unha mala veciña
 que sin diñeiro me vende:/

Te tienes por buena moza,
 abofé como t´engañas,
 /:pareces un cabo vello
 todo cuberto d´arañas:/

Te tienes por buena moza,
 buena moza non a es-e,
 tes un palmo de nariz
 que das de comer a dez-e.
 Ai le le le, ai la la la...

Buena tierra es Boado,
 buena tierra es la mía,
 /:buena tierra es Boado
que buenas muchachas cría:/

/:O que de vinte non casa
e de trinta non casou-e:/
 /:ese paxaro neniña
 ese paxaro volou-e:/

/:Te tengo de preseguir-e,
 niña de ojos azules:/,
/:en tierra no te me escapas
al cielo no te me subes:/

Te tengo de preseghir-e
 aunque le pese a mi´strella,
 aunque contra mi se ponga
 aire, fuego y mar y tierra.

/:Desque che vin o xustillo
pretendín ser o cordón-he:/
 para andar axustadiño
 en par do teu corazón-he.



Tes os olliños na cara
negríños e volanteiros
/:ghardalos para min
qu'entrambos tamos solteiros:/